



## **NORMAS E INFORMACIÓNS PRÁCTICAS PARA O ALUMNADO SOBRE A APLICACIÓN DO PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19**

### **USO DE MÁSCARA**

O uso de máscara é obrigatorio para acceder e permanecer no centro.  
A máscara deberá utilizarse correctamente, cubrindo nariz e boca.

### **CIRCULACIÓN E FLUXO DE PERSOAS NO CENTRO**

#### **PUNTUALIDADE**

A puntualidade é importante para evitar atrasos e irregularidades no cumprimento do protocolo.

#### **ENTRADA**

O acceso ás aulas realizarase pola entrada principal, seguindo a sinalización do centro.

#### **AGARDAS**

O alumnado debe agardar no exterior do centro ata instantes antes do comezo da súa clase.  
O alumnado entrará ao centro de un en un á hora exacta indicada polo docente, evitando permanecer nos espazos comúns do interior do edificio.

Os corredores non poden utilizarse como lugar de agarda.

#### **SAÍDA**

A saída debe ser ordenada e continua, de un en un, e gardando a distancia de seguridade.  
Sairase polas mesmas escaleiras de entrada e respectando a dirección de tránsito.

#### **ASCENSOR**

O ascensor soamente pode ser utilizado por persoas con mobilidade reducida e de forma individual.

### **VENTILACIÓN**

Cando haxa clases consecutivas na mesma aula, o profesorado debe ventilar o espazo durante 5 minutos antes da finalización da clase e 5 minutos antes do comezo da seguinte (polo menos 10 minutos de ventilación). Débese realizar ventilación cruzada (xanelas e portas abertas en lados opostos para provocar fluxo de aire).

A entrada dos grupos debe ter lugar tras a ventilación da aula.

Non hai obriga de ter as xanelas abertas todo o tempo, aínda que sexa unha medida que favorece a renovación do aire. No caso de temperaturas invernaís, é mellor realizar una maior número de ventilacións de menor tempo en lugar de ter as fiestras parcialmente abertas.

Na medida do posible, as xanelas e portas das aulas permanecerán abertas mentres dure a clase.

### **HIXIENE DE MANS**

É obrigatoria a hixiene de mans na entrada e na saída da aula.

### **MATERIAIS E UTENSILIOS DAS AULAS**

Os utensilios da aula (interruptores de luz, xanelas, mandos, dispositivos electrónicos, borrador, pomo de portas etc) deben ser manipulados exclusivamente polo profesorado.

Os colgadoiros e paraugueiros non se poderán utilizar. O alumnado deberá utilizar o respaldo da cadeira para colgar as súas pertenzas.

É necesario traer unha bolsa de plástico grande na cal depositar o paraugas os días de choiva.



Profesorado e alumnado deben hixienizar mesas e cadeiras antes de seren utilizadas.  
O profesorado pulverizará mesas e cadeiras co produto hixienizante correspondente.  
O alumnado debe completar a hixiene do seu posto co papel absorbente dispoñible para tal efecto.

Os pupitres deben permanecer orientados cara ao encerado / mesa do docente para respectar a distancia de seguridade esixida.

Non é posible cambiar a disposición ou colocación dos pupitres.

Ao finalizar, a aula debe quedar recollida e limpa, sen papeis, residuos de goma de borrar, apuntamentos etc.

### **CONTROL DE ASISTENCIA E DISPOSICIÓN NA AULA**

O alumnado terá un posto fixo na aula desde o primeiro día.

O profesorado levará un control da asistencia e da disposición na aula de cada alumno/a.

Non é posible superar a capacidade máxima permitida de cada aula en ningún caso.

### **DATOS DE CONTACTO**

Os datos de contacto do alumnado utilizados para realizar a matrícula deben ser confirmados con cada docente o primeiro día de clase.

### **ZONA COVID DE ILLAMENTO**

Existe unha zona de illamento (situada á esquerda do vestíbulo) para os casos que inicien síntomas no interior do centro.

### **SINTOMATOLOXÍA COMPATIBLE COA COVID-19**

Se se detectasen síntomas compatibles coa COVID-19 estando na casa, o alumno ou alumna deberá contactar co centro educativo por **teléfono (986260210-Vigo ou 886110762-Tui)** e informar ao seu docente o antes posible.

### **APLICACIÓN RADAR COVID**

Aconséllase a instalación da aplicación para teléfonos móbiles "Radar COVID" do Goberno de España. Aconséllase manter esta aplicación actualizada e activada.

### **TABOLEIROS**

Non está permitida a colocación de anuncios privados ou informacións diversas externas nos taboleiros de cortiza do centro.

### **COMUNICACIÓN COA COMUNIDADE EDUCATIVA**

Todas as informacións xerais serán publicadas na páxina web da EOI de Vigo <http://www.edu.xunta.gal/centros/eoivigo/>

### **ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA**

Debe realizar a súa propia autoavaliación antes de ir ao centro educativo:

[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/enquisa\\_de\\_autoavaliacion\\_0.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/enquisa_de_autoavaliacion_0.pdf)

### **RECOMENDACIÓNS**

Recoméndase traer pezas de roupa de abrigo os días de temperaturas baixas.

### **COLABORACIÓN**

Solicítase o cumprimento destas normas e a colaboración de toda a comunidade educativa.